

1º) PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA APROBACIÓN PROVISIONAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL NÚMERO 5 DO PXOM E RATIFICACIÓN DO CONVENIO TRAMITADO SIMULTÁNEAMENTE. O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da Comisión de Urbanismo do 15 de febreiro de 2016 sobre esta proposta.

Ao non se producir intervencións, o Sr. Presidente someteu a proposta a votación na que, **por unanimidade, resultou aprobada, adoptándose o seguinte acordo:**

PRIMEIRO: desestimar a única alegación presentada ao expediente de Modificación Puntual Núm. 5 do Plan Xeral de Ordenación Municipal, en base as consideracións citadas no informe do Arquitecto Municipal de data 14 de Xaneiro de 2016 e nos informes do Técnico Municipal de datas 18 de Xaneiro e 10 de Febreiro de 2016, que se notificarán ao alegante xunto con este acordo.

SEGUNDO: prestar aprobación provisional á Modificación Puntual nº 5 do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Sanxenxo, contida no documento denominado “Proxecto de Modificación Puntual nº 5 do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Sanxenxo”, de data Setembro-2014 e redactado por D. Rafael Vázquez Abal, D. José Manuel Rey Rial e D. Juan Lorenzo Ramírez, que foi aprobado inicialmente polo Pleno en sesión celebrada o 17 de Xullo de 2015.

TERCEIRO: ao abeiro do disposto no art. 85.7 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, someter o expediente completo da Modificación Puntual Núm. 5 do Plan Xeral de Ordenación Municipal ao Órgano Autónomo correspondente ao que lle corresponda outorgar a aprobación definitiva, para o que se lle remitirá o expediente debidamente dilixenciado.

CUARTO: ratificar o convenio para execución de planeamento asinado o 20 de Maio de 2015 pola Mercantil CONSTRUCCIÓN B MARTI, S.L., por D^a. SARA RUÍZ LIMA no seu nome e no de seu irmán BERNARDO RUÍZ LIMA e pola Alcaldía, dado que durante a fase de exposición pública do referido convenio non se produciu ningunha alegación e as partes interesadas mostraron a súa conformidade co texto inicial do convenio.-----

2º) PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA RESOLUCIÓN DOS RECURSOS DE REPOSICIÓN E ALEGACIÓN FORMULADAS AO PROXECTO DE EXPROPIACIÓN POLO PROCEDIMENTO DE TAXACIÓN CONXUNTA DOS TERREOS PERTENCENTES A PARTICULARES, INCLUÍDOS NO ÁMBITO DO PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓN DA ZONA E69B DO PXOM EN O REVEL-VILALONGA. O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da Comisión de Urbanismo do 15 de febreiro de 2016 sobre esta proposta.

A Sra. Deza Martínez, concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular, logo de dicir que ían votar a favor da proposta, fixo historia do acontecido con este expediente e lembrou as críticas do actual goberno municipal ao anterior, pero cambiaron as tornas e cando antes abstíñanse ou votaban en contra, agora fano a favor, destacando que foi a decisión do goberno bipartito da Xunta de facer someter o plan ao ISA, a que provocou que lle fose de aplicación o POL e, finalmente, que os 11000 metros cedidos reducísense á metade, non sendo suficientes. A interviniente continuou manifestando que o anterior goberno foi o que

fixo o traballo neste expediente para que se chegase á situación actual, lamentando que agora se tardaron mais de seis meses, non entendendo o motivo deste atraso e, mirando cara ao futuro e á prioridade que era a construción do colexio, preguntou cando se ían a poñer a disposición da Xunta os terreos para a súa execución, tendo en conta que no expediente existía un informe xurídico que indicaba unha data de decembro para a ocupación. Finalmente a concelleira no uso da palabra aludiu a que agora se aceptaba una alegación da Xunta de Compensación do PEI 12, para excluír da expropiación a dúas parcelas, explicando que no seu día, en base a uns informes e con fiscalización favorable considerouse que ese convenio non foi eficaz e, polo tanto, había que incorporar as parcelas ao proxecto de expropiación.

A Sra. Lago Martínez, concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular, defendeu a actuación do anterior goberno municipal neste tema, dicindo que a expropiación foi a única forma viable de levalo adiante, preguntando ao goberno actual porque non deixaron caducar o expediente e buscaron outra posibilidade e porque, se a expropiación antes non era válida, agora se o é. Finalmente pediulle ao goberno actual que recoñeza que non houbo mala xestión do goberno anterior e que a única forma viable foi a que se seguiu.

O Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, explicou que viñan a estimar ou desestimar as alegacións presentadas, dar por finalizado o expediente, ocupar os terreos e poñelos a disposición da Xunta, aínda que isto non garanta a construción do colexio en Vilalonga, pois non sabe se neste momento a Consellería de Educación estea a pensar en realizalo. O interviniente precisou que hoxe finalizaba un expediente iniciado no ano 2005 e no que se utilizou aos veciños para opoñerse a un determinado goberno da Xunta, cando foron os gobernos anteriores os que crearon expectativas con prezos desproporcionados, que logo tiveron que baixar, non tendo o goberno actual culpa dos bandazos que deron antes. Por último aludiu a que este asunto xa era urxente facía moitos anos e que agora houbo que comprobar que non se fosen a expropiar parcelas que xa eran municipais, buscando as maiores garantías en defensa do interese público.

O Sr. Martín González, voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, lembrou en primeiro lugar que, sendo el Alcalde, é cando se conseguiron 50.000 m² en Vilalonga e, sen esa xestión, non estarían agora aquí. A continuación mostrouse partidario da negociación cos propietarios, pero alguén lles quentou os oídos e, como consecuencia, houbo que incluír a expropiación de todo o ámbito, aplicándose entón criterios técnicos. De seguido o interviniente referiuse a que no anterior pleno onde se tratou este asunto, ausentouse da sesión a concelleira **D^a Vanessa Rodríguez Búa** e pensou que neste pleno ía facer o mesmo, o que ata agora non sucedeu. De seguido o concelleiro no uso da palabra preguntou como era posible que dende agosto do 2015 non se fixese nada e aínda non estivesen os terreos a disposición da Xunta, cando no propio expediente figuraba nun informe unha data de decembro para ocupación das parcelas, aludindo tamén a unha fiscalización de intervención contraria a outra anterior, engadindo que todo isto demostraba falta de liderado e de atención aos asuntos do Concello no goberno municipal.

O Sr. Otero Domínguez aludiu a que estaban a resolver o trámite último e lembrou que no seu día os gobernos anteriores asinaron, no ano 2007, un convenio de desenvolvemento urbanístico en virtude do que se lle cederon parcelas ao concello e unha importante cantidade económica e, posteriormente, incluíronse as parcelas na expropiación porque dixeron que o convenio non era válido, preguntándose que lles motivou a dicir isto, empeñándose en ir en contra do interese público do concello, expropiando parcelas que xa eran municipais e coa

posibilidade da devolución do xa ingresado polo convenio mais os intereses correspondentes pola non validez do convenio. Ante esta situación o goberno actual actuou responsablemente para evitar un conflito con importantes repercusións económicas para o concello, engadindo que dende a oposición non podían falar de atraso de 8 meses cando perderon unha década e ademais agora o que se buscou foi a máxima garantía. Finalmente o concelleiro interviniente indicou que no seu día se deixou a impresión de que a Xunta só estaba disposta a investir en Sanxenxo se o Alcalde era o candidato do PP, o que consideraba unha chantaxe e que ían esixir ao goberno da Xunta a execución desta obra.

A **Sra. Deza Martínez** solicitou a palabra por alusións e sinalou que o manifestado polo anterior interviniente podía constituír un delito de calumnia e ser obxecto de denuncia ante o xulgado correspondente.

O **Sr. Alcalde**, logo de sinalar que non procedía conceder o turno de palabra por alusións solicitado pola anterior concelleira interviniente, xa que o seu grupo xa disfrutou dos turnos de intervención que lle correspondían neste punto, preguntouse, respecto da validez do convenio, porque o goberno anterior non actuou antes e incidiu en que este convenio afectaba a este ámbito de expropiación, tratándose dun asunto importante que non se podía decidir dun día para outro e para o que facía falta un informe que se tivo que solicitar, non fose que o concello expropiase parcelas que xa eran súas. En cambio o goberno anterior non comunicou nada aos propietarios, cando no propio expediente estaba a solución, que era a existencia dun poder anterior

A **Sra. Rodríguez Búa, voceira do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal**, dixo que no seu día asesorou a un dos propietarios e por iso ausentouse a anterior vez que se tratou este asunto no pleno e agora o ía facer novamente.

O **Sr. Martín González** sinalou que, á parte da anterior concelleira interviniente, comentáronlle que outro membro desta Corporación asesorou a un propietario a nivel particular, indicando que, se o/a afectado/a quería, podía intervir para evitar problemas no expediente, engadindo que, se non se producía esa intervención, el mesmo diría a persoa da que lle faláron que podía ter esa causa de incompatibilidade. Dado que non se produciu ningunha intervención o concelleiro no uso da palabra dixo que se refería á concelleira **D^a Sandra Fernández Agraso**.

A **Sra. Fernández Agraso, concelleira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, precisou que ela non asesorou porque non era avogada, realizando a función que lle correspondía como concelleira, naquel momento na oposición.

Sendo as catorce horas e dezanove minutos ausentouse da sesión a **concelleira do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, Sra. Rodríguez Búa**.

Ao non se producir mais intervencións, o **Sr. Presidente** someteu a proposta a votación na que, **por unanimidade dos membros da Corporación presentes, resultou aprobada, adoptándose o seguinte acordo:**

PRIMEIRO: rexeitar as alegacións presentadas na data do 31 de Xullo de 2015 no Rexistro Xeral do Concello de Sanxenxo (Núm. de Entrada 7961), por **D^o. Milagros González Otero e D. José Luís González Outón**, como propietarios en réxime de ganancias da finca N^o 7 (Polígono 40 Parcela 175) do Proxecto de Expropiación polo procedemento de taxación conxunta dos terreos pertencentes a particulares, incluídos no ámbito do Plan

Especial de Infraestruturas e Dotacións da Zona E69B no PXOM de Sanxenxo en O Revel – Vilalonga, fronte ao acordo que aprobaba o mesmo en base aos informes xurídicos de data 25 de Novembro de 2015 e 10 de Febreiro de 2016, que se notificarán aos interesados xunto con este acordo.

SEGUNDO: admitir as alegacións presentadas na data do 14 de Agosto de 2015, no Rexistro Xeral do Concello de Sanxenxo (Núm. de Entrada 8489), por **D^a. Isabel Fernández Buezas, como Secretaríada Xunta de Compensación do Polígono de Execución Integral Núm. 12 do PXOM de Sanxenxo,** no que amosaba a desconformidade polo inclusión no Proxecto de Expropiación das fincas Núms. 3 e 4 -Referencias Catastrais 174 e 173- respectivamente, xa que segundo indicaban foron debidamente transmitidas ao Concello de Sanxenxo no Convenio que fora subscrito relativo á monetarización do 10% do aproveitamento tipo da área de reparto do citado PEI-12, polo que, en base ao citado nos informes xurídicos de datas 25 de novembro de 2015 e 10 de Febreiro de 2016, que se notificaran aos interesados xunto con este acordo, se acorda a suspensión da tramitación do expediente expropiatorio respecto das referidas parcelas en tanto non se substancie a titularidade das mesmas. Dita suspensión refírese unicamente as actas de ocupación e pagamento destas parcelas en tanto non se determinen a titularidade municipal ou privada das mesmas.

TERCEIRO: estimar o **Recurso de Reposición** formulado a data de 21 de Agosto de 2015, por **D. Juan Rey Carballa,** contra o acordo Plenario de data 17 de Xullo de 2015, aprobatorio do Proxecto de Expropiación polo procedemento de taxación conxunta dos terreos pertencentes a particulares, incluídos no ámbito do Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións da Zona E69B no PXOM de Sanxenxo en O Revel – Vilalonga, en base aos informes xurídicos de data 25 de Novembro de 2015 e 10 de Febreiro de 2016, que se notificarán aos interesados xunto con este acordo, no senso de ser titular da parcela N^o 14 do proxecto de expropiación.

CUARTO: desestimar o **Recurso de Reposición** formulado a data de 21 de Agosto de 2015 por **D. Luís Ansorena Pèrez, no seu propio nome e no da Comunidade Hereditaria de D. Luís Ansorena Garret,** contra o acordo Plenario de data 17 de Xullo de 2015, aprobatorio do Proxecto de Expropiación polo procedemento de taxación conxunta dos terreos pertencentes a particulares, incluídos no ámbito do Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións da Zona E69B no PXOM de Sanxenxo en O Revel – Vilalonga, en base aos informes xurídicos de data 25 de Novembro de 2015 e 10 de Febreiro de 2016, que se notificarán aos interesados xunto con este acordo.

QUINTO: de conformidade co disposto no Art. 143.8 da Lei 9/2002, de 30 de Decembro, de Ordenación Urbanística do Medio Rural de Galicia, aceptar a valoración realizada no acto aprobatorio do Proxecto de Expropiación polo procedemento de taxación conxunta dos terreos pertencentes a particulares, incluídos no ámbito do Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións da Zona E69B no PXOM de Sanxenxo en O Revel – Vilalonga, entendéndose determinado definitivamente o prezo xusto, de conformidade cos titulares das fincas numeradas no expediente expropiatorio co N^o 19a, 19b, 33 e 35.-----

E non habendo mais asuntos dos que tratar, o **Sr. Presidente** dá por finalizada a sesión, sendo as catorce horas e vinte minutos de todo o que eu, como **Secretario, DOU FE:**